

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 27 de decembro de 2016 pola que se amplían os importes para o financiamento das axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2016/17.

Mediante a Orde do 27 de abril de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de maio), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regula a participación no fondo solidario de libros de texto e convócanse axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2016/17.

O artigo 7.3 desta orde establece que as axudas para adquirir o material escolar serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 10.60.423A.480.0, por importe total de 3.300.000,00 euros para o ano 2016, e na contía de 400.000,00 euros para o ano 2017, e que se poderán ampliar, se for o caso, conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Como consecuencia da existencia de remanentes no mesmo servizo e tendo en conta que estas axudas non están sometidas ao réxime de concorrencia competitiva, e que o importe asignado non é suficiente para atender os compromisos adquiridos ao abeiro da convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo único. Incrementar o importe para financiar as axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2016/17, nun millón cincocentos cincuenta mil trescentos euros (1.550.300,00 euros), de acordo co establecido no artigo 7.3 da Orde do 27 de abril de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de maio).

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

